

Confesiões dun violador ante a súa vítima



Entrou no ascensor e... ali estaba el, cunha navalla. Iñon quería outra cousa que violala. Sangue frío ela, moita tranquilidade, pásie aos 16 anos, e convencemento para "se temos que facelo, fagámolo noutro lado e cómodos". Aí final o violador veuse abaixo e contou a súa historia, a historia da súa vida.

Unha vida como moitas, pero que a este mozo o leva a ser un violador. Con 19 anos xa hai tres que viola a rapazas en Vigo.

Eran as doce da mañá. Nen era noite nen a rua, das céntricas de Vigo, estaba solitaria. Eme voltaba á súa casa. Abriu o portal, chamou o ascensor e, cando entrou, fíxoo con ela un mozo "dezanove anos, forte, con rizos nun pelo que era claro, nen rúbio nen moreno; un xersei marelo, pantalóns vaqueiros e zapatos de pel".

Así nos describe Eme a quen intentou violala.

"Aonde vas?, foi a pregunta; eu ao segundo". "Pois eu ao noveno" dixo o violador. Deulle ao botón. Xa antes de chegar ao primeiro parou o ascensor. Tirou unha navalla e "tes que foder comigo, se non é polas boas, é polas más".

Sangue frío, todo o que fai falta e máis nunha rapaza de 16 anos.

"Ao principio asusteime moito, dínos Eme, vinme perdida. Pero como non me quedaba outro remedio, empecei a pensar e a dicirle que ali era moi abaixo e que non podíamos facelo tranquilos, que podían vernos".

"Así non podes sacar nada de min nen te deixo", "foi cando se puxo máis nervoso e case me pica coa navalla. Pero non o fixo".

"Propúxome logo subir ao último piso, que ali estaríamos máis tranquilos. Pero non quixen, dixen que ali tanto me tería, e que sería peor para os dous, que era mellor saír a outro lado. Non quería aceptar" segue o relato "pero, ao fin, desmoronouse un pouco e accedeu. Cando saímos para fóra, díxenlle que estaba moi nervosa e que, así, a cousa non ia resultar, que prefería antes ir tomar algo para calmarme".

E ali na cafetería ao lado da casa empezaron a falar e o violador comezou a contar a historia da súa vida.

O violador desmoronado

"teño dezanove anos, estudei no

Meixueiro. Non teño amigos, non teño mozas que me queiran. Estou sempre na casa e teño que xogar coa miña irmá. Vivo en Cabral e xa teño estado máis veces detido por violación." E seguiron as confesiões, "xa llo fixen a moitas, levo tres anos violando a rapazas, sempre novas, que son máis fáceis. Tenme igual que sexan fracas que gordas, altas ou baixas, bonitas ou feas... cando vexo unha que me parece súa até a casa e logo no ascensor...".

Case empeza a chorar nas confesiões a súa vítima: "fas que me avergoño, que cando chegue a casa me pase toda a tarde chorando. Pero mañá xa se me pasa e ataco a outra".

E non resistiu máis: "mira, acompañame á miña casa, axúdame". Non conseguí nade e seguiu: "tes esta tarde qué facer?, voute buscar...?".

E ao día seguinte voltou aparecer no portal, pero non se atreveu a nada, Eme ia acompañada, aínda que tiño o valor, necesidade, quen sabe, de chamar a unha vivenda e preguntarlle por ela.

Dende neno violando

Hai tres anos que confesou violar á primeira. Desde aquela non sabemos cantas consumou, aínda que segundo el "xa me coñecen nos bairros, as rapazas escápanme e non queren saber nada de min".

Nós podemos saber de catro rapazas ás que intentou violar. Segundo elas é o mesmo home; coinciden na descrición e até en que ten "un bigodinho que non é bigode nen nada e parece que nunca lle medra".

A unha destas rapazas, que vive no portal ao lado do de Eme, hai algun tempo que, queréndoa violar, cravoulle a navalla "e que cando te negas e lle dis que non vai conseguir nada,ponse moi nervoso" dínos Eme "e a

min foi cando intentou cravarme tamén".

Unha detención

Aínda que "o violador de Vigo" afirme que estivo na cárcere por violación, este é un dado que non podemos comprobar, pois que non nos coinciden as descricións. O que si é certo é que foi detido unha vez.

Índo un día pola rua, unha das súas vítimas recoñeceu e deu parte á policía. Detivérono e a moza en cuestión identificouno entre outros catro rapaces.

Aos poucos días estaba outra vez en liberdade.

E este violador que ameaza ás vítimas con vingarse se din algo, agora, cando a ve pola rua "entorna os ollos, enrúbria e torce a cara ao cruzarse comigo".

Todo o mundo calado

Pero todo isto cálese, ninguén quer denunciar os casos. Hai país que non deixan falar coas fillas. Rapazas que queren mellor esquecer todo. Mentras, seguen unha e outra vítima sen que se saiba nada, como se fose todo tan normal, pois que, segundo Eme, "á xente non lle importa nada. Ivesamente as miñas compañeiras do Instituto din: a min non pode pasarme. Ven as violacións como cousa de película".

Os país non querer publicidade, non queren llos. "Para qué denunciar; non se vai conseguir nada, a policía non fai caso, todo son llos, preguntas e máis preguntas e, logo, aínda que o collan, aos poucos días está outra volta na casa".

Todo segue igual, só cambia para aquelas rapazas que sofriron a violación ou o intento. Para elas, pode cambiar todo. Os país están máis ciumosos de que o seu nome non saia no periódico, de non ter llos... afinal, a violación é aceptada pola sociedade.

E as autoridades, qué

Mesmamente as autoridades, a policía sobretudo —se temos de facerlle caso a feministas e a persoas que sofreron a violación no seu corpo e no seu espírito— parece que é condescendiente cos violadores.

"Non che fai caso, diche que vaías ao xulgado; de xulgado en xulgado, segundo onde fose a violación. Fanche perguntiñas con risa entrecortada que nalguns casos chegan a frases como a de "... e que ides provocando por aí e logo queixádesvos", como me paso a min" manifesta unha muller que foi violada e presentou denuncia.

"Despois empezan os interrogatorios no xulgado" segue a contar: "qué clase de vida levas? a qué horas da noite saes, qué sitios frecuentas e se es casada... e logo nada, non ten importancia".

Un día que a xente se cansa, que sae á rua a protestar contra estas situacións, hai xente que exclama: "violacións... inventos, qué máis queren elas que as violasen".

Violación: ódio e desprécio contra a muller

TERESA NAVAZA

Con este titular resumía o Movemento Feminista de Galiza un traballo recente sobre o tema. E é altamente clarificador. Qué home non pensou algunha vez, que nós as mulleres estamos a esperar os seus piropos, os seus chistes de mal gosto, as súas miradas desvergoñadas, o seu querer meter man, ou que nos queira facer un "favor"! Qué home non ten pensado que somos nós as que lles provocamos coa nosa indumentaria, as nosas actitudes, as nosas saídas nocturnas, o noso costume de facer autostop! E a verdade, xa estamos fartas de ser obxectos manipulados por todo o mundo! Polgo Goberno, pola Igrexa, polos medios de comunicación, polos nosos país (primeiro), irmáns e homes (despois). As mulleres temos empezado a falar, a dicir en voz alta aquilo que pensamos, aquilo que nos agrada e desexaríamos e pásie a tanto atranco, tamén a ullo que nos desagrada. E non é fácil, porque a sociedade segue a ser machista, o sistema patriarcal en que estamos inmersos segue a


digno utilizar este argumento. Argumento que se debe ao sentimento interiorizado entre os homes de que a muller provoca a violación directa ou indirectamente e mesmo que a desexa. *A vítima non é a agresora.*

Desde EEUU —e non podería ser desde outro país!— as axencias informativas, en novembro do 82, publicaban esta noticia: "a violencia sexual feminina contra os homes preocupa nos EEUU e está a producir impotencia e medo entre os afectados".

Os homes non parecen tolerar ben que as mulleres comecen a tomar iniciativas, pero creo que a cousa non será para tanto, para a nosa desgracia. As que seguiremos a ser humilladas en realidade, e sufrindo agresións sexuais somos nós. O pasado verán, tan só en 12 cidades españolas, 4 mil mulleres denunciaron maos tratos dos seus homes; e non obstante, son moitas as que aínda seguen calando por non ter independencia económica, ou por educación, xa que aínda se lles segue aconsellando "tes que aguantar", "é o teu home", "o que pasa na familia non ten que se saber fóra".

O castigo sen dúbida tería unha grande incidencia no presunto delincuente. Se as violacións se denunciasen na súa totalidade, se se perseguise con máis celo e non quedase ningún violador sen castigo, cambiaría a actitude dalguns homes con respecto ás mulleres. Non queremos volver escoitar que, cando un home viola, faino porque está todo ou é un manfaco sexual. Feino porque nesta sociedade se lle inculca ao home a idea de que é superior á muller e que pode facer con ela o que lle pete.

Mulleres de todas as idades, profesións, países; mulleres chamadas, unhas, tolas da praza de Maio argentina que tanto loitaron por conquistar a democracia —aínda que non a vida dos desaparecidos—, mulleres que levan máis de dous anos de acampa a permanente en Greenham Common, Inglaterra, que incórdian de mil maneiras para impedir aos militares ingleses e nordemercianos a colocación dos misís Cruise, as mulleres que están a construír unha forza pacífica en Europa e unha vida máis humana no Terceiro Mundo, son unha só voz, unha só muller que non quer ser violada fisicamente nas praias, na súa casa, na rua, nun ascensor; violada outravolta, de palabra, nunha comisaría ou xulgado. Non quer ser violada, nos seus dereitos, por leis que a ignoran. Tampouco quer que se xerañe o berro "contra violación, castroñación!". Esta muller quer un mundo máis habitábel, sen violencias nen opresións, sen carreiras armamentísticas nen armas nucleares, sen guerras, sen contaminacións, onde os homes non se crean superiores polo mero de feito de seren homes e onde as mulleres podamos decidir, libremente, o que queremos ser e facer na vida.



reproducir os erróneos roles de home-macho superior e dono, muller-inferior-escrava. Aínda hoxe podemos comprobar nos debuxos dalgún libro de EXB, reproducindo imaxes dunha familia, o pai lendo o xornal e a nai pondo a mesa, por facer mención dun cativo exemplo.

A muller segue discriminada no terrano laboral e político. A muller é vítima de agresións físicas e psicolóxicas, na casa, no traballo, nas ruas... agresións que teñen a súa máxima expresión na violación. Até cando imos ter que aturar titulares así:

—"Unha xoven de 15 anos foi obrigada a se prostituír"

—"Dous mozos violaron a unha muller de 57 anos"

—"Desestimada a querrela de 5 prostitutas contra varios militares na que denunciaban violacións, maos tratos, coaccións e ameazas"

—"Detido un xoven de 18 anos presunto autor de 5 violacións"

—"Detido por presunta violación e asasinato dunha xoven"

—"Rapaz detido por violación e lesións a unha nena de 4 anos"

—"Un home detido por violar á súa filla de 13 anos"

Agora estas temas repítense case a cotío no país galego, por qué? E que antes non sufrían as mulleres violacións e maos tratos? O tema non é novo, pero as mulleres si. Está a nacer unha muller, nova, que comeza a tomar decisións, vencer medos, angurías, vergoñas e barreiras. Basta xa de crer que unha muller violada é culpábel. E in-

A. EYRE